



# IMAXES E REPRESENTACIÓNS DO OUTRO: A LITERATURA GALEGA CARA ÁS LINGUAS DO ESTADO ESPAÑOL

**Ana Luna Alonso**  
Universidade de Vigo

## Breve achega histórica

Como ben apunta Camino Noia (1995: 13) nun artigo capital para entender a historia da traducción cara á lingua galega, a historia de tódalas linguas cultas ten como un dos seus primeiros capítulos a creación dun corpus escrito no que a traducción de obras, sexan históricas, literarias ou relixiosas, ten un peso específico que constitúe o patrimonio cultural doutras linguas.

O proceso traductor non é unha simple operación de traslado de linguas, trátase dunha operación lingüística e cultural. O texto non é un simple fenómeno lingüístico, senón que é necesario ter en conta a función comunicativa que depende da súa inserción nunha situación determinada e da pertenza a un contexto sociocultural máis amplo. A traducción é un proceso de natureza intercultural que permite poñer en contacto direrentes visións do mundo. Traducir é ir dunha cultura a outra. Por iso, denominamos á e ó traductor, mediadora ou mediador intercultural.

O sistema literario galego precisaba do apoio dos clásicos e dunha temática moi concreta, tanto en produción propia como en traducción para manter un sistema feble. De aí que a selección dos textos que se traducían estivese dirixida nun primeiro momento polas presións do nacionalismo literario e polas esixencias urxentes da posta en marcha dunha norma lingüística que lle outorgase estabilidade ó sistema.

A actual situación da literatura galega de creación poderíase caracterizar pola “normalización literaria” (que non é o mesmo que “normalidade literaria”), porque ata hai ben pouco tempo, o que predominaba era un público intelectualizado e reducido, que respondía a determinadas claves políticas.

O traslado dunha lingua a outra pon en xogo toda unha serie de elementos que van moito máis alá das linguas implicadas. A recuperación de

determinados autores e textos nun sistema deficitario como o galego, que desgraciadamente aínda non deixou de selo por razóns que sería bastante complicado analizar aquí, no breve espacio do que dispoñemos, débese a dúas razóns principais: o grao de lexitimización e canonización, e a reivindicación e artellamento dunha memoria colectiva, na que a literatura é parte fundamental.

Certos factores como a irrupción de novas xeracions formadas en galego, a aparición do público escolar e determinadas circunstancias sociolóxicas permitiron o cambio de actitude fronte á nosa creación que presenta un panorama atractivo completo e variado.

Aínda que o sistema literario galego ten evolucionado moito, no tocante a propostas de traducción e creación, en parte gracias ó coñecemento de novas lecturas e á incorporación de novas formas traducidas, á nosa lingua; a tendencia normalizada debería ser que existise una produción parella que rache co anterior para seguir renovándose cos tempos, sen por iso esquecer, por suposto, a recuperación dos clásicos e mesmo a revisión e actualización de determinadas traducións. Non podemos esquecer que a idea da modernidade dunha literatura vai normalmente asociada á capacidade de asumir traducións de obras doutros idiomas.

A existencia dunha licenciatura de traducción e interpretación, que forma a profesionais cara a lingua galega, ten que ter como froito un maior interese por coñecer qué é o que se crea máis alá das nosas fronteiras, e sobre todo, ganas de dálo a coñecer na nosa lingua. Froito das primeiras promocións é a AGPTI (Asociación de Profesionais da Traducción e da Interpretación), que nace, entre outras razóns, para protexer os dereitos das e dos profesionais da mediación intercultural no noso país.

Con este mesmo ánimo, a Universidade de Vigo convoca dende 1993, o Premio de Relato, Poesía e Traducción en lingua galega, aberto a toda a comunidade universitaria, que xa lle ofreceu a oportunidade de publicar os seus primeiros traballos a algunha das nosas estudantes.

Pola súa banda, a ATG (Asociación de Tradutores Galegos) conta entre os seus últimos proxectos coa creación da Biblioteca Virtual de Traducción (BiVir) [<http://www.bivir.com>] onde se recollen unhas cen obras da denominada literatura universal traducidas ó galego, que participan na convocatoria do Premio de Traducción Plácido Castro organizado pola propia Fundación Plácido Castro [<http://www.igadi.org>], que xa vai pola segunda edición, despois de que a Xunta de Galicia eliminase o Premio de Traducción Ramón Cabanillas, como tamén eliminou o Premio Álvaro Cunqueiro de Teatro.

En 1988, a Xunta de Galicia comezou a publicar unha colección titulada os clásicos en galego, pero cómpre indicar, que a produción non é moi numerosa. No tocante ó sector privado, catro editoriais destacan na nosa comunidade pola súa dedicación de novas coleccións de traducción: Edicións do Castro, Edicións Xerais de Galicia, Galaxia e Sotelo Blanco. Estas coleccións únense máis tarde a outras pequenas editoriais de ámbito galego, xunto coas grandes Altea, Alfaguara, Santillana ou SM de ámbito estatal, que tamén teñen o seu mercado en Galicia, gracias ó libro de texto. Non podemos deixar de citar a iniciativa do colectivo TrisTram que parece estar encamiñada a especializarse no xénero do conto, e na traducción en

particular; ademais da aposta da editorial Laivento polo xénero ensaístico e dramático; ou o renovado compromiso co público infantil de editoriais como Obradoiro, Sálvora, Edelvives, Everest-Galicia e Kalandraka entre outras.

Os responsables das editoriais, organizadores de certames literarios e representantes de institucións relacionadas co libro de todo o Estado, ven como ano tras ano, os galardóns máis prezados recaen en libros escritos en galego, e sobre todo en libros de literatura infantil. Entre as editoriais do país, a calidade —e as vendas, non hai que esquecelo— das e dos autores de libros para crianzas e mocidade está conseguindo que nazan novas coleccións e que aumente o número de obras editadas. Os prexuízos aínda existentes en críticos e medios de comunicación cara a este ámbito da produción literaria e a falta dunha planificación para a tradución de orixinais galegos a outras linguas, contrastan cun período que comeza no ano 1996 con numerosos premios para a nosa literatura.

O ámbito da tradución é un dos que máis lles preocupa ás e ós escritores en galego, que ven como, mentres é frecuente a introducción de obras procedentes doutras linguas e culturas en Galicia, non resulta tan doado que os orixinais galegos sexan ben acollidos nas coleccións de fóra do noso espacio, a pesar de que contan con avais tan contundentes como nominacións no listado de “White Ravens” da Biblioteca Internacional Infantil e Xuvenil de Munich (especie de catálogo de obras infantís de todo o mundo recomendadas para a súa tradución) ou na lista de honra da IBBY, elenco bianual no cal a International Board on Books for Young People distingue a unhas cincuenta obras de todo o mundo na mesma cerimonia na que se entregan os Premios Andersen de Literatura e Ilustración Infantil.

Os autores acusan ás editoriais porque non defenden os seus intereses, e estas pola súa banda, agóchanse trala administración autonómica, posto que sen o seu apoio é moi difícil enfrontar o custo da tradución. Entrementres, os poucos libros galegos que viaxan á Fiera dei Libri per Ragazzi de Bolonia e á Frankfurt am Main seguen sen ter versión en inglés, francés ou alemán. Isto é, seguen estando condenados a ser simples obxectos de decoración nos andeis polos que pasan sen se deter editores estranxeiros, que esixen como primeiro paso para calquera negociación, unha tradución-resumo das obras nalgunha das linguas francas dos empresarios.

## **Panorama editorial dos últimos anos**

Elaborar un estudio da tradución cara a lingua galega ou dende a lingua galega, resulta ser unha tarefa complicada e artesanal, posto que non existe ningunha base de datos completa con datos fiables. O número de publicacións en lingua galega rexistradas na Axencia Española do ISBN dende 1972 ata a actualidade inclúe tanto obras de creación orixinais como as traducidas. A base non permite calcular cáles das obras son traducións e cómpre facer o cálculo ano por ano de publicación e obra por obra para comprobar se se trata dunha tradución, dunha reedición, etc., e aínda así, hai moitos erros nas referencias. Ademais, moitas das traducións que se

publican no noso país, sobre todo as traducións de poesía, aparecen publicadas en revistas ou páxinas culturais de xornais.

Gonzalo Constenla recolle dende o ano 1995 na Revista Galega de Tradución, *Viceversa*, a produción anual de tradución literaria. Por outra parte, O Centro de Investigación Ramón Piñeiro, publica tamén dende o ano 1995, nos seus Informes de Literatura, fai unha clasificación na que se ten en conta a tradución, e de maneira particular, a tradución dos clásicos greco-latinos traducidos.

Co gallo da celebración do Día das Letras Galegas (Maio 2003), o Consello da Cultura galega (Sección de Cultura Galega no Exterior) publica no seu portal ([culturagalega.org](http://culturagalega.org)) o *Catálogo de obras literarias en lingua galega traducidas a outros idiomas. Unha primeira achega* ([http://www.cultura.galega.org/biblioteca\\_detalle.php?id=95](http://www.cultura.galega.org/biblioteca_detalle.php?id=95)). Este proxecto, dirixido polo recién finado Carlos Casares, preséntase como unha primeira achega ás obras literarias escritas orixinalmente en galego e posteriormente traducidas a outras linguas ata o ano 2000, aínda que no seu interior atópanse referencias do 2001 e 2002. O catálogo pretende ser unha primeira relación (aínda en construción e en continua elaboración), das obras traducidas atendendo a unha clasificación por autores e linguas ás que foron vertidas. No traballo reconécese a dificultade coa que se atoparon os documentalistas tanto para conseguir a información dos centros de documentación situados fóra de Galicia, como para determinar o índice de obras e tradutores, pois nas fontes empregadas non aparecen recollidos claramente. No catálogo reflíctese a situación de abandono na que se atopa a nosa literatura dende a perspectiva da tradución: pouco traducida, de maneira arbitraria e fragmentada.

Segundo os resultados dun estudio sobre as traducións publicadas en lingua galega dende 1953 ata 1997, realizado por M<sup>a</sup> Luz Rubio Puga (1999), a maior produción editorial dáse a partir do ano 1983 (Lei de Normalización Lingüística), nunha liña evolutiva e ascendente, aínda que hai anos posteriores nos que volverá a baixar a produción. Neste mesmo estudio compróbase que as publicacións infantís en xeral son as líderes indiscutibles do mercado. A estas séguenlles moi de lonxe as publicacións sobre o ensino primario, debido á implantación do uso de libros de texto en galego nas escolas na última década.



Datos tomados do *Informe de Literatura*, Consello da Cultura Galega, Xunta de Galicia, (1995, 1996, 1997, 1998, 1999 e 2000), Santiago de Compostela.

Por motivos obvios de influxo cultural e linguas en contacto, a lingua da que máis traducións ó galego se fixeron foi o español cun 40% das traducións. Moito máis pequena é a porcentaxe dos libros traducidos do inglés, cun 14%, porcentaxe similar á dos libros traducidos do francés, seguidos do catalán, alemán, italiano e portugués a certa distancia. As dúas editoriais principais neste eido son Edicións Xerais de Galicia e maila editorial Galaxia, que abranguen un 14% e un 12,3% respectivamente.

Entrementres, a Xunta de Galicia pasaría a formar parte dun segundo grupo cun 6,7% do total. As súas traducións son normalmente de folletos informativos ou publicitarios (turísticos). Casos como a editorial española SM, que aparecen cun número de traducións ó galego máis ou menos relevante, son debidos a traducións feitas recentemente de series de orixe castelá. Hai tamén editoriais galegas importantes cun reducido número de traducións debido a que se centran máis na publicación das obras de creación orixinal en galego en si cá na publicación de traducións.

Nos últimos anos deuse unha certa presenza do mundo exterior da nosa literatura a través da tradución. Pódese afirmar que o ámbito onde máis traducións literarias aparecen é o xuvenil e infantil, por evidentes razóns de demanda comercial. Como vemos nos datos que seguen e nas cifras totais de cada ano, a tradución gaña espazo na narrativa, seguida do xénero dramático, perdéndoo claramente na poesía.

Os datos da *Panorámica da edición española de libros 1999* publicado pola Dirección General del Libro, Archivos y Bibliotecas, apuntan a un estancamento nos anos 98 e 99 no tocante ás traducións cara á lingua galega, fenómeno moi semellante ós casos do catalán e éuscaro, mentres o español aumenta a súa produción. As linguas máis traducidas seguen sendo o español, seguido do francés e do inglés. O alemán comeza a gañar interese do mesmo xeito que o catalán, e xa a certa distancia, poderíamos incluír outras linguas como o latín, o italiano e o portugués.



Respecto dos datos do ano 2000, a produción por linguas indica un total de 57.971 libros editados en “linguas españolas” (o 93%), 2.428 noutras linguas (3,9%) e 1.903 libros multilingües (3,1 %). Na edición de linguas estranxeiras, cómpre salientar os libros publicados en inglés, portugués e francés. A edición,

segundo os datos do ministerio, caracterízase pola pluralidade lingüística. Nos últimos anos, incrementouse a presenza da edición en catalán, galego e éuscaro.



A evolución concreta máis recente pódese apreciar no cadro que figura no enderezo da páxina web do Ministerio de Cultura y Deporte: [<http://www.mcu.es/lab/libro/d2000>]. Durante o ano 2001, editáronse 62.883 libros (o 93,8%), 2.306 noutras linguas (3,5 %) e 1.823 libros multilingües (2,7 %). Na edición de linguas estranxeiras, cómpre salientar os libros en inglés, portugués e francés. No tocante á edición por linguas nos últimos trimestres, temos os seguintes datos en [<http://www.mcu.es/lab/libro/d2002/produl.html>].

Así pois, dende o ano 1997 ata o ano 2001, por lingua de publicación, o catalán<sup>1</sup> e o éuscaro, e mesmo as edicións multilingües que se editan no Estado, seguen pasándolle por diante ó galego [<http://www.mcu.es/lab/libro/d2002/cuadros.html>].

Para resumir, a evolución da produción editorial entre 1997 e 2001 por lingua traducida é a que segue: castelán, catalán, éuscaro, galego, inglés, portugués, francés, alemán italiano e outras linguas españolas<sup>2</sup>.

Respecto dos datos que temos do ano 2002, a produción por linguas por trimestre é:

Lingua de Publicación	1º	2º	3º
Castelán	13129	15861	11782
Catalán	1671	2114	1654
Éuscaro	220	367	391
Galego	279	448	411
Alemán	42	43	40
Francés	82	113	70
Inglés	292	313	232
Italiano	55	75	56
Portugués	145	177	167


<sup>1</sup> En 1997 en lingua catalana inclúense os seguintes registros: 6.351 en catalán, 493 en valenciano e 12 en aranés. En 1998: 6.730 en catalán, 576 en valenciano e 12 en aranés. En 1999: 6.941 en catalán, 543 en valenciano e 8 en aranés.

<sup>2</sup> En 1997 en Outras Linguas Españolas inclúen: 67 en asturiano e 12 en aragonés. En 1998: 44 en asturiano e 21 en aragonés. En 1999: 50 en asturiano e 15 en aragonés. En 2000: 58 en asturiano e 15 en aragonés. En 2001: 41 en asturiano e 18 en aragonés.

Lingua Traducida	1º	2º	3º
Castelán	652	781	599
Catalán	113	133	127
Éuscaro	11	12	8
Galego	12	19	30
Alemán	296	317	299
Francés	435	540	427
Inglés	2318	2571	1668
Italiano	192	194	176
Portugués	48	67	56

Nos últimos anos, as editoriais galegas comezaron a establecer acordos de colaboración editorial entre entidades doutras comunidades. No caso da editorial Galaxia, asinou un acordo de cooperación coa editorial catalana La Galera, que traduciu un importante número de obras do catalán ó galego. Edicións do Cumio, pola súa parte, mantén un convenio de colaboración conxunto con diversas editoriais en lingua portuguesa, catalana e vasca, baseado na publicación dunha obra infantil ilustrada cada cuadrimestre en tódalas linguas implicadas.

No Index Translationum do rexistro da UNESCO [<http://databases.unesco.org/xtrans/xtra-form.html>], podemos tirar datos sobre as traducións publicadas dende o galego e o español para as outras linguas do Estado que recollo nos seguintes cadros:



Cadro nº 1: Traducións publicadas dende o galego para as outras linguas do Estado  
 Cadro nº 2: Traducións publicadas dende o español para as outras linguas do Estado

## O panorama editorial galego actual

A nosa traducción está mal instalada, isto é, pouco consolidada, debido a factores sociopolíticos, culturais e sociolingüísticos que conforman unha comunidade como a nosa, que, por outra parte, parece estar pouco interesada no consumo de produtos culturais de maneira xeral, e especialmente nos literarios. Neste contexto, a traducción cara ó galego aínda se define, como unha actividade esencial para corrixir as imperfeccións que puidese presentar o noso sistema literario, e sobre todo, para crear a existencia dunha un público que poida solicitar obras en galego, atraído polo prestixio das e dos autores traducidos.

Pero para traducir un texto, é necesario comprar os dereitos de autor, e só as grandes editoriais dispoñen dos recursos económicos e estruturais para conseguilos. Na actualidade, é moi frecuente que se compren os dereitos de traducción para o conxunto do Estado español, de maneira que permanezan bloqueados durante un período de cinco anos. En xeral, a empresa que compra os dereitos traduce a obra o castelán e non lle compensa facelo cara ás outras linguas do Estado. O público interesado no título, pode lelo en castelán, e aínda que houbese traducción cara ó galego, normalmente vai optar pola versión española, xa que na maioría das ocasións o prezo da obra é inferior, debido a factores como a limitación da tiraxe e mailo encarecemento dos gastos de edición.

Polo tanto, para que o mercado da traducción en galego funcione, é dicir, sexa competitivo, deben ser as propias editoras de ámbito autonómico as que compren os dereitos e publiquen a traducción en lingua propia antes de que esta apareza en castelán, ou quizais teñan que negociar cos seus socios no resto do Estado a publicación conxunta a outras linguas minoritarias. É evidente que unha obra traducida cara a unha lingua minoritaria non pode competir no mesmo mercado coa súa traducción cara ó español.

Os esforzos deben concentrarse pois, en traducir obras de interese que aínda non teñen versión en español; pero isto que en principio resulta evidente, ten como contrapartida que só se coñezan na nosa lingua as denominadas “obras menores” das e dos autores clásicos e contemporáneos, ou ben se oriente a escolla cara ó sur, onde os editores atopan literaturas dinámicas e moito máis baratas cás do mercado anglosaxón.

Esta é a razón pola cal é necesario que os gobernos autónomos, sigan investindo na traducción e incrementando as subvencións, de maneira que as editoriais poidan arriscar e apostar pola publicación de obras orixinais contemporáneas escritas noutras linguas, que normalmente resultan moi custosas.

A nosa sociedade non asumiu por completo a posibilidade de acceder á literatura ou a calquera ámbito do coñecemento dende o seu propio idioma. A administración debe orientar os seus esforzos de planificación cara a promoción do libro, a súa distribución en centros de ensino, bibliotecas públicas e foros de encontro entre a cidadanía. As campañas de promoción da lectura deben seguir sendo un dos obxetivos fundamentais dos responsables de educación, dentro do ámbito autonómico, se se pretende reducir o fracaso escolar, que en Galicia supera nun 50% ó da lingua galega.



Outra das tarefas na que ten unha responsabilidade a administración, é a da nosa promoción externa, a través da súa presentación nas ferias internacionais do libro. Isto permitiría o intercambio cultural necesario para que se produzan textos traducidos en galego e a súa vez, se nos dea a coñecer por medio da tradución no exterior.

O encontro literario anual de Galeuzca 2002 denunciou a caída das porcentaxes de traducións de textos en linguas foráneas ó galego e solicitou un maio apoio institucional e a creación dun portal en internet para traducir galego, vasco e catalán. Se a tradución entre as linguas é unha reclamación que xa se fixo patente en anteriores Galeuzcas é precisamente o goberno balear o que iniciou unha política máis decidida neste terreo. A política institucional do goberno balear puxo en marcha un plan de traducións de literatura balear en varias linguas europeas, e na actualidade conta con seis obras traducidas ó galego. Este é un caso de demostración real de sensibilidade por parte da administración, semellante ó do goberno vasco, cando decide por en marcha unha colección de tradución de cen clásicos, mentres a Xunta de Galicia non pasou aínda do número 13. Cómpre pois, unha maior comunicación entre as linguas e as culturas para combater dalgún xeito as circunstancias, de maneira que as relacións sexan estables e continuas.

## A función da Tradución

Por outra parte, se queremos analizar os datos, dende un punto de vista teórico, é importante ter en conta certos elementos como cal é o xénero que máis se traduce e cómo se instala no novo sistema literario. A coñecida tese de Even-Zohar (1996:59), baseada na consideración de que as obras traducidas se relacionan de dúas maneiras coa literatura orixinal: na forma en que os textos son escollidos e na forma en que estas obras asumen unhas normas, un comportamento e unha política específica, pode ser moi útil para coñecer qué consecuencias ten a tradución para o sistema literario no cal se insire e a súa relación con outros sistemas.

O tema da tradución, apunta a profesora Fernández (1995), resulta ser un campo de investigación privilexiado, tanto pola súa posición equívoca como polo seu papel complexo e influínte no sistema lingüístico e literario receptor:

A súa posición determina a súa función, alternativamente innovadora ou conservadora, segundo que as traducións favorezan a asimilación de novos xéneros, temas, sabedorías ou formas, ou que, polo contrario, se adapten ás normas da cultura receptora. Neste último caso, convértense en axentes eficaces dun proceso de neutralización de influencias estranxeiras. Pero a miúdo ofrecen distintos compromisos entre esas dúas opcións baixo o efecto das estratexias en vigor no interior dos sistemas. (Fernández 1995: 541-542)

Se entendemos a tradución como actividade creativa (pero tamén manipuladora), como fonte de información, como espacio empregado estratexicamente polos medios institucionais do sistema literario e

lingüístico-cultural, como esforzo por competir coas traducións previas, como nova lectura intertextual e como subsistema que compite, e se une a outros sistemas literarios, teremos que proceder ó estudio do sistema de recepción, sobre quén e cómo decide qué se traduce, sobre cáles son os textos canónicos e as súas funcións na lexitimación do proceso de normalización como medio de produción de imaxes sociais, sobre a renovación do sistema e sobre o seu papel como medio que contribúe á identidade nacional.

Queda agora por facer un traballo de investigación moi importante para o noso sistema cultural: o estudio dos textos, das materias, das e dos autores e das combinacións lingüísticas escollidas, das normas e estratexias que se seguen no proceso e cómo se acada o resultado, etc. para levar a cabo o proxecto de normalización do noso sistema literario e cultural a través da tradución (González-Millán 1995:63-72). O proceso de normalización da nosa lingua pasa pola análise do discurso sobre a tradución mesma.

## **A modo de conclusión**

O proceso de mediación dunha lingua minorizada debe formar parte dun proceso planificado de normalización que parta dunha situación explícita, que se propoña uns obxectivos concretos nun período de tempo determinado, que conte coas canles de difusión e os recursos de implantación axeitados, e que dispoña dunha lexislación que favoreza este proceso de cambio.

A existencia de tradución entre linguas minoritarias dentro dun mesmo Estado que comparten unha lingua maioritaria, é a demostración de que se está a reivindicar a diferenza a través da diferenza, e o volume de tradución que se produza entre as mesmas, resulta ser indicador do status da lingua, tanto no plano institucional como social. Se conseguimos describir a situación da lingua e da tradución, poderemos establecer criterios que nos permitan anticipar as necesidades de tradución relacionadas con cambios concretos no status da lingua.

Con todo, o feito de que haxa un volume elevado de tradución nunha lingua, non implica de por si que esa lingua se sitúe nun alto grao de normalización. De feito, a tradución continua de documentos da lingua maioritaria á minorizada pode indicar que a minorizada aínda carece de modelos suficientes para ser utilizada en tódolos ámbitos da vida pública e privada. Polo contrario, a tradución da lingua minorizada á lingua maioritaria, e sobre todo, a outras linguas maioritarias, pode indicar a existencia dun volume de textos xerados na lingua minorizada. A tradución entre a lingua minorizada e outras linguas, sexan minorizadas ou maioritarias coas que non convive, tamén pode ser un indicador positivo sobre a situación da lingua, pois indica que os seus falantes utilizan a súa lingua máis alá dos límites da súa comunidade bilingüe, pero tamén que os falantes doutras linguas recoñecen a súa entidade propia e independente da lingua maioritaria.

Ó percibir o acto de tradución como unha interpretación e unha lectura cultural dun texto que pertence a un espazo cultural distinto, ábrense as portas a unha teoría da tradución baseada na experiencia social da desigualdade. Se o caso estudado, é o caso dunha lingua minorizada, que

pasa necesariamente pola proba da subvención, a experiencia é moito máis complexa.

Analizar a noción da xerarquía de autores, textos, linguas e culturas traducidas cara a nosa lingua, aínda que quizais sexa moi precipitado adiantar unha análise nun período tan breve da historia da tradución, como o que aquí se mostra, resulta unha liña de investigación moi interesante dentro dos estudos teóricos sobre a tradución. A este tema haberá que darlle tempo e dedicarlle reflexión, así como maior espacio noutra obra máis ampla onde se analicen todos estes datos.

### **Bibliografía citada**

- CENTRO DE INVESTIGACIÓN RAMÓN PIÑEIRO *Informe de Literatura*. Consello da Cultura Galega (1995, 1996, 1997, 1998, 1999 e 2000). Santiago de Compostela: Xunta de Galicia (en liña).  
<<http://www.cirp.es/res/informes/informes.html>> (Data de consulta 15-06-03).
- CONSELLO DA CULTURA GALEGA (Sección de Cultura Galega no Exterior) *Catálogo de obras literarias en lingua galega traducidas a outros idiomas. Unha primeira achega* (en liña).  
<[http://www.culturagalega.org/biblioteca\\_detalle.php?id=95](http://www.culturagalega.org/biblioteca_detalle.php?id=95)> (2003) (Data de consulta 15-06-03).
- EVEN-ZOHAR, I. “A posición da tradución literaria dentro do polisistema literario”. *Viceversa* 2 (1996): 57-65.
- FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, A. “O papel da tradución no sistema lingüístico e literario nacional: o ámbito galego”. *Grial* 128 (1995): 541-554.
- GONZÁLEZ MILLÁN, X. “Cara a unha teoría da tradución para sistemas literarios ‘marxinais’. A situación galega.”. *Viceversa* 1 (1995): 63-73.
- NOIA CAMPOS, M<sup>a</sup> C. “Historia da tradución en Galicia no marco da cultura europea”. *Viceversa* 1 (1995): 13-62.º
- Panorámica da edición española de libros 1999, 2000, 2001, 2002*. Dirección General del Libro, Archivos y Bibliotecas. MEC (en liña)  
<<http://www.mcu.es/lab/libro/d2002/produl.html>> (Data de consulta 15-06-03).
- RUBIO BUGA, M<sup>o</sup> Luz. *As traducións publicadas en lingua galega dende 1953 ata 1997*. 1999. Tráballo de Fin de Carreira depositado na Biblioteca da Facultade de Filoxía e Tradución da Universidade de Vigo.
- UNESCO *Index Translationum*. Rexistro da UNESCO, (en liña).  
<<http://databases.unesco.org/xtrans/xtra-form.html>> (Data de consulta 15-06-03).

Luna Alonso, Ana. “Imaxes e representacións do outro: a literatura galega cara ás linguas do Estado español”. *Actas do VII Congreso Internacional de Estudos Galegos. Mulleres en Galicia. Galicia e os outros pobos da Península. Barcelona 28 ó 31 de maio de 2003*. Ed. de Helena González e M. Xesús Lama. Sada: Edicións do Castro / Asociación Internacional de Estudos Galegos (AIEG) / Filoloxía Galega (Universitat de Barcelona), 2007. ISBN: 978-84-8485-266-7. Depósito Legal: C-27912007.